




# FERVENZAS DO ZARZO (IRIXOA)


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** Pazo de Irixoa-Verís: 3,2 km  
Pazo de Irixoa-Mántaras: 3,5 km  
A pé: 1,5 km

**Dificultade:** media

**Duración:** 2 horas



Fervenzas de Verís

Unha ruta no concello de Irixoa para coñecer varias fervenzas no río Zarzo e o seu afluente Rego das Moas.

## Fervenzas de Verís

O río Zarzo é un afluente do Mandeo cun percorrido con moito desnivel. Antes de chegar a Verís encáixase nun profundo canón onde hai unha sucesión de fervenzas e rápidos nunha zona de difícil acceso.

**COMO CHEGAR:** na estrada de Pazo de Irixoa a Montsalgueiro cóllese o desvío á esquerda a Verís (1 km) e desde alí a que vai aos Altos de Verís. Ao pouco de pasar as últimas casas sae un camiño á esquerda no que hai un indicador á Fervenza do Zarzo.

En 500 m chegamos á parte alta das fervenzas, a carón dun muiño. Para velas todas hai que seguir río abaixo por uns carreiros pouco evidentes entre o mato e o bosque.

Tamén se pode facer o percorrido cara arriba por un camiño abandonado que sae á esquerda do principal.

## Mántaras

No rego das Moas, afluente do Zarzo, en Mántaras (Irixoa). **COMO CHEGAR:** na saída de Follente cara a Vigo. Onde se cruza o río hai unha pequena, por enriba da estrada e unha máis grande un pouco máis abaixo. Para vela hai que baixar polo monte, antes de cruzar o río, por onde se poida seguindo o ruído.

Fervenza de Mántaras

